

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 28/06/2021
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 28/06/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21-jun-2021, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2021/2291

Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio Caeiro Rodriguez achegando o texto así como o deseño de placa homenaxe-informativa para a serie de "Roteiros da Memoria democrática" para colocar no exterior do cemiterio de Vilagarcía o día 10 de xullo. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación de dita placa, debendo poñerse en contacto cun técnico municipal para fixar a ubicación da mesma.

PRP2021/2292

Dáse conta do escrito presentado por Maria de la O Fernandez González en relación aos aparcadoiros disuasorios de Vilagarcía, solicitando habilitar prazas para residentes nas zonas con falta de aparcadoiros, mellora de sinalización dos accesos aos aparcadoiros disuasorios e información sobre a futura ordenanza de circulación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/2296

Dáse conta do escrito presentado por Espina y Delfín remitindo presuposto do alugueiro dos grupos electróxeos que mantiveron o subministro eléctrico á edar de ferrazo durante o tempo de corte necesario para as tarefas de movemento dun poste eléctrico de media tensión nas obras do Carril Bici e paseo marítimo a Vilaxoán, por importe total de 1.028,50€ con cargo á partida 161-22699. A Xunta de Goberno Local prestalle a súa aprobación.

PRP2021/2297

Dáse conta do informe da Policía Local en relación aos estacionamentos indebidos na travesía de

Dr. Tourón á altura do nº39, a Xunta de Goberno Local acorda sinalizar o acceso con sinal R-102(prohibindo o acceso aos vehículos de motor), complementando con placa adicional coa lenda agás garaxes.

PRP2021/2299

Visto o escrito presentado por Dona M^a Jesús Conde García e Eladio Gómez solicitando entre outros temas a instalación dun espello na confluencia da rúa Bouza de Cea coa PO-305. A Xunta de Goberno Local acorda remitir o escrito á Xunta de Galicia titular da vía PO-305 e dar traslado do acordo para a instalación do espello ao encargado de sinalización (Mario Vázquez).

PRP2021/2300

Dáse conta do escrito presentado por Aparcamentos Fernández CB solicitando repintado de vados na Avda de Cambados nº54 e 56, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá presentar a solicitude de autorización de repintado á Consellería de Infraestructuras e Mobilidade da Xunta de Galicia, titular da estrada.

PRP2021/2302

Visto o escrito presentado por Dona Ana María Granja Guillán e/n Partido Popular solicitando información sobre número de prazas de aparcamento creadas dede xuño de 2015 e número de prazas perdidas logo da execución do proxecto de Carril-Bici Vilagarcía. A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado do informe da Policía Local coa relación de estacionamentos:

A perda de prazas de estacionamento en relación ás obras dos carrís bici, sempre tendo en conta o proxecto técnico da execución das mesmas, serán unas 130 prazas , distribuídas do seguinte xeito:

Rodrigo de Mendoza sería de 74, delas 24 en liña e 50 en semibatería, estas na zona que quedaría para uso peonil.

Rúa Ramón Cabanillas, perderíanse 14 prazas..

Fariña Ferreiro, perderíanse 12 prazas de estacionamento.

Avda. dr. Tourón e Avda. de Cambados ate a intersección coa rúa Camilo José Cela, a perda de prazas de estacionamento sería de 30.

En relación ás prazas creadas a partires de xuño de 2015, non se ten constancia das datas concretas nas que cada unha das zonas de estacionamento foron postos á disposición dos usuarios, en canto á titularidade dos terreos a día de hoxe considérase que ningún deles son de titularidade pública, sendo estes entre outros os seguintes:

- * zona Piñeiriño (rúa Alfredo Brañas): en torno a 150 prazas;
- * zona Marxión (anexo colexio A Lomba): aprox. 50 prazas;
- * zona Os Duráns (A. Iglés. Alvariño): aprox. 30 prazas;
- * zona Escardia: rúa Vila Janer e Piñeiro López: aprox. 120 prazas;
- * avenida Rosalía Castro-Carril: aprox. 80 prazas;
- * rúa Concha/Mulatas: aprox. 35 prazas;
- * finca do Douro : aprox.100 prazas.
- * finca da Golpelleira, finca Poboado Invisa, finca A Pelada, e o estacionamento finca Piscina Municipal: que conteñen gran cantidade de estacionamentos con número indeterminado de prazas.

PRP2021/2305

Vista a proposta do Responsable de Compras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para o subministro de dúas cadeiras para o Departamento da Persoal, por un importe total de 624,36€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2021/2270

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de xuño de 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 30.755,16 € con cargo á partida 323.48007. (EXPTE: EIMXESTION/2021/0003 -- SS/2021/000127)

PRP2021/2271

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Monte do Gozo, por importe de 1.500,00 € para o desenvolvemento de actuacións destinadas á prevención de drogodependencias e intervencións integrais vinculadas a situacións persoais de dependencia de substancias, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio. (REF.SS/2021/000475)

PRP2021/2272

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 14 de xuño de 2021 polo que se concede a este Concello unha subvención ao abeiro do Plan Concellos 2021 (liña 2), para o proxecto "Actívate - Actividades Cognitivas", por un importe de 6.000,00 € e, sendo o orzamento total da actividade de 11.448,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/2273

Dáse conta da comunicación da Dirección Xeral de Inclusión Social en relación ao anticipo pola contía correspondente ao 50% da cantidade total financiada en 2020 para o financiamento básico dos servizos sociais comunitarios municipais (Plan Concertado 2021):

Financiamento básico asignado en 2020.

- Traballador Social: 100.890,00 €

- Titulado Medio. 33.630,00 €

- Titulado Superior: 20.229,00 €

- Outros profesionais: 0,00 €

- Saf Prestación Básica. 8.937,17 €

TOTAL ASIGNADO 2019: 163.686,17 €

ANTICIPO 2020 (50%): 81.843,09 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora. (EXPTE Nº: FINPRO/2021/005 ---SS/2021/000421)

EMPREGO

PRP2021/2243

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000040

SOLICITANTE: MARTA IBARRONDO RAMOS

NIF/CIF: 35485877M

DIRECCION: Calle REY DAVIÑA Nº: 43 Lt: Esc: 2 Pt: - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: CAFETERIA IES MIGUEL ANGEL GONZALEZ ESTEVEZ

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2244

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000183

SOLICITANTE: GIMNASIO SQUASH SL

NIF/CIF: B36047967

DIRECCION: Rúa ALVARO CUNQUEIRO Nº: 9 Esc: BX - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36600 Vilagarcia de Arousa (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: GIMNASIO SQUASH

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2249

Dáse conta da proposta da Concellería de Promoción Económica seguinte:

PRIMEIRO.

Que en sesion de XGL de 10 de maio de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou a sinatura do Convenio coa Asociacion colaborada, Zona Aberta.

SEGUNDO.

O convenio foi asinado o 13 de maio de 2021, en relación cos bonos son da casa 2021, establecendo, entre outros pronunciamentos, o seguinte:

A aportacion municipal tera caracter prepagable, mediante transferencia a conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociacion de Comerciantes Zona Aberta), con cargo a partida orzamentaria 4311-470 do orzamento vixente.

A transferencia dos fondos, tal como recolle o convenio asinado entre as partes, levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1- A posta en marcha da iniciativa, e dicir, a sinatura do presente convenio por ambas partes, procederase a transferencia de 18.750 €, equivalentes ao 50% da cantidade total correspondente ao Concello.

2- Xustificada pola Asociación de Comerciantes, a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederá a transferir por parte do Concello, a cantidade de 9.375 €, equivalente ao 25% do total da aportación municipal.

3- Xustificada pola asociación o abono aos establecementos da cantidade antedita, transferirase a conta da asociación a cantidade 9.375 € equivalente ao 25% restante da aportación municipal.
TERCEIRO.

Tendo en conta o exposto, A Xunta de Goberno Local queda sabedora e da súa conformidade á SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA PARA A POSTA EN MARCHA DA INICIATIVA "BONOS SON DA CASA" 2021, e nos termos especificados no mesmo, e acórdase QUE SE PROCEDA A TRANSFERIR Á ENTIDADE COLABORADORA, A CANTIDADE DE 18.750€

CORRESPONDENTES AO 50% DA CANTIDADE TOTAL CORRESPONDENTE AO CONCELLO, con cargo á partida 4311-470.

PRP2021/2252

Visto o informe da área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda APROBAR a concesión da seguinte axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á reactivación económica no sector hostaleiro e outras actividades do Comercio de Vilagarcía:

REF CÍVIDAS: PROMECON/2021/000196

SOLICITANTE: JORGE CASTRO FERREIRO

NIF/CIF: 35484651K

DIRECCION: Avenida de Galicia Nº: 75 Lt: Esc: bj Pt: d - Cambados CP: 36630 Cambados (Pontevedra) - España

ESTABLECEMENTO: CAFETERIA ESCOLA IDIOMAS

Procedendo ao recoñecemento de obriga a favor da mesma por contía de SEISCENTOS EUROS (600,00 €) nos termos de dito informe, con cargo á partida 4311.470.

PRP2021/2306

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 20", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Maderas J. Redondo SL para o subministro de material (escadra reforzada, pino país azulada, estribo, correa pino, módulo baixo, rastrel pino, etc.) para as prácticas do alumnado da especialidade de Carpintería, por un importe total de 1.560,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2021/2307

Dáse conta de solicitude do Presidente da ASC Coro Liceo de Vilagarcía para uso de varias aulas da Escola Municipal de Música para preparación de concertos, como xa viñan facendo dende fai anos.

Visto o informe do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda

autorizarlle o uso das aulas para dita actividade, os martes e xoves en horario de 21:00 a 23:30 horas, sempre que non se precisen para o desenvolvemento de actividades pola Escola de Música.

Comunicaselle así mesmo que dado que nos meses de xullo e agosto as dependencias da Escola Municipal de Música non contan co servizo de limpeza, deberán facerse cargo da limpeza das instalacións que utilicen, seguindo as medidas hixienico-sanitarias establecidas pola normativa vixente con motivo da COVID-19 (desinfección de aulas, material, aseos, etc)..

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2021/2255

Na Xunta de Goberno Local do 7 de xuño de 2021 adoptouse o acordo de aceptación da subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 destinadas a entidades locais de Galicia para o proxecto denominado “adquisición de vehículo de traballo UTV destinado a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural”. Solicitáronse presupostos para a adquisición deste vehículo de traballo as seguintes empresas: RAMÓN LOIS S.L. por unha cantidade de 16.449 € (IVE excluído), BAYGAR por unha cantidade de 14.950,00 € (IVE excluído), RECONSYF S.L. por unha cantidade de 15.000 € (IVE excluído) e CORVUS INNOVA S.L. por unha cantidade de 15.000 € (IVE excluído).

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a adquisición dun vehículo de traballo UTV destinado a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural, á Empresa BAYGAR SL por un importe total de 14.950,00 € con cargo á partida 170.62400, por ser a oferta mais vantaxosa para o Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/2311

Dáse conta do acordo de Augas de Galicia de arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico na Avda. Rodrigo de Mendoza (Clave DH.D36.73288)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2021/2313

Dáse conta de Resolución de Augas de Galicia de expediente sancionador, Clave DH.D36.73280, por desatención a un requirimento en materia de vertidos, pola que se impón ao Concello unha sanción por importe de 4.500 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor de Augas de Galicia polo citado importe de 4.600,00 €, con cargo á partida 929.22699.

Asimesmo, acórdase interpoñer recurso de alzada contra a citada resolución, xa que, en ese punto existe un aliviadeiro do saneamento na dársena do Porto Comercial.

PRP2021/2314

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 14 de xuño de 2021 de concesión de subvencións aos Concellos adheridos ao Revitaliza para o nomeamento interino de mestras e mestres composteiros municipais , subvencionando o nomeamento interino de 2 mestras e mestres composteiros no Concello de Vilagarcía de Arousa, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2021/2308

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Veciñal e Cultural O Souto, por un importe total de 1.799,99 € con cargo á partida 334.22703:

PROVEDOR	C.I.F. /N.I.F.	ARTÍCULO	IMPORTE	TOTAL
INFORMÁTICA DE HOXE S.L.	B36549434	* 1 HDD TOSHIBA EXTERNO 1TB CANVIO BASICS 2,5 USB *2 RATÓN LIGITECH INALÁMBRICO NONO M 185 NEGRO * 2 TRUST 2.0 ORION18W RMS 36W MAX AUTOALIM * 2 SANDISK ULTRA USB 3.0 64GB	155,19€	
BLOBALIUM 2000 S.L.	B87941902	Servizo asistencia técnica para arranxar ventilador proxecto	198,20€	
F1 AYUDA INFORMÁTICA, SL		Fonte alimentación ATX	30,00€	
CARLOS GALBÁN ZARAGOZA (MÚSICAL DUENDE)	35449729J	*2 Micrófono Shure Sm 58 *6 Cable micro 10M *2 Pés de micrófono Jirafa *3 Micrófonos condensador. *1 Sistema inalámbrico Dual	864,58€	
PONTEVICUS, S.L. UNIPERSONAL	B15705676	Según orzamento que se xunta	209,31€	
CASTROMÁN I S.L.	B36406650	Material de mantemento e conservación según orzameto que se xunta	342,71€	
		TOTAL GASTO C.C. RUBIÁNS		1.799,99€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2021/2290

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, por importe de 1.712,93 € para seguro de responsabilidade civil Festas de San Roque, do 26 de xullo ao 31 de agosto, a favor de MGS, Seguros y Reaseguros SA (Willis Eberia Correduria de Seguros y Reaseguros SA), con cargo á partida 338.224, conforme a póliza 61137952

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2021/2289

Dáse conta do recurso de reposición presentado por D. Calixto Escariz Vázquez e/n Calixto Escariz, S.L.U. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03 de maio de 2021, no que se acordaba a inadmisión da oferta e conseguinte exclusión do licitador Caixto Escariz S.L.U. (2º clasificado) por estar incurso en baixa anormal ou desproporcionada e non xustificar satisfactoriamente a mesma, no procedemento seguido para a adxudicación do contrato de servizos denominado "Asistencia de letrado para a representación e defensa en xuício no Concello de Vilagarcía de Arousa. Dáse conta do informe da Secretaría do Concello, que en síntesis, indica o seguinte:

PRIMEIRO.- Entrando a coñecer sobre o fondo do asunto, cabe indicar que a actuación da mesa de contratación e, en consecuencia, do órgano de contratación, debe entenderse plenamente axustada a Dereito; procedendo aquela de conformidade co disposto en art. 149.4 da LCSP, ao outorgar prazo suficiente para que o interesado xustificase e desagregase razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos que determina a anormalidade da súa oferta, e ao propoñer ao órgano de contratación a inadmisión da oferta do recorrente por estar incurso en baixa anormal ou desproporcionada e non xustificar satisfactoriamente a mesma, de acordo co informe da Sra. Secretaria Xeral do 15 de marzo de 2021. Como xa se expuxo, unha vez realizados os cálculos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, ao obxecto de determinar se a oferta presentada polo recorrente está incurso nunha presunta baixa anormal ou desproporcionada, compróbase que presenta unha baixa do 15,86% con respecto á media aritmética das ofertas presentadas, polo que se confirma o mencionado extremo e considérase que a súa oferta está incurso en baixa anormal ou desproporcionada. Neste punto hai que ter en conta que segundo o prego de cláusulas administrativas do contrato (cláusula 13.2), "a efectos do disposto no artigo 149 da LCSP terán a consideración de ofertas anormalmente baixas as proposicións económicas que se atopen nos supostos contemplados no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas", de maneira que, no caso que nos ocupa, considéranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas, o que ocorría claramente no caso da oferta do recorrente. En consecuencia, a Secretaria da Mesa de Contratación, o día 22 de febreiro de 2021, requiriu ao recorrente para que no prazo de 5 hábiles presentase unha xustificación da súa oferta por contar esta unha desproporción de 15,86 % inferior á media aritmética das ofertas presentadas. Neste requirimento indicábaselle que a xustificación debería desagregar razonadamente o baixo nivel dos prezos ou dos custos, ou calquera outro parámetro que xustificase a oferta, mediante a presentación e dos documentos que resultasen pertinentes para o efecto.

SEGUNDO.- A resposta dada polo recorrente ao requirimento que se lle fixo non explicaba satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos propostos polo licitador, de modo que cabe entender que foi a propia mercantil a que motivou a súa exclusión do procedemento, posto que o artigo 149.4 in fine da LCSP sinala que se entenderá que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos propostos polo licitador, cando esta sexa incompleta desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico. Lonxe de atender o requirimento feito pola Administración, o interesado non procedeu a realizar a desagregación de prezos solicitado, polo que non achegou ao órgano de contratación argumentos suficientes que permitisen chegar á convicción de que a oferta podía levar a cabo. Neste sentido exprésase o informe da Secretaria Xeral do Concello do 15 de marzo de 2021, no que se explica que a xustificación ofrecida por Calixto Escariz S.L. limitase a sinalar, basicamente, as características xerais do despacho, pero non

explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos na súa oferta, debido a que non recolle unha explicación relativa a eses aspectos concretos, que era o que se lle requiriu por parte da mesa de contratación, a fin de acreditar a correcta execución do contrato. Por tanto, tanto a mesa de contratación como o órgano de contratación, baseándose no mencionado informe da Secretaría Xeral actuaron conforme a dereito, exercendo as facultades que legalmente lles corresponden ante unha xustificación insuficiente e incompleta dunha baixa anormal ou desproporcionada, o que deu lugar á inadmisión da oferta do recorrente e á súa consecuenta exclusión.

TERCEIRO.- A motivación tardía da oferta realizada, en vía de recurso no apartado III (Outras consideracións), non pode ser atendida, xa que se verían afectados os dereitos lexítimos de terceiros, por atoparnos ante dun procedemento de concorrència competitiva. Á súa vez, a propia doutrina que invoca no seu recurso CALIXTO ESCARIZ, S.L.U., descarta esa posibilidade no presente caso, pois a xustificación que agora pretende introducir non é unha mera achega documental demostrativa da realidade do manifestado na primeira xustificación presentada, senón unha nova e diferente xustificación da súa oferta. Mesmo, en termos máis restritivos aínda, pronunciouse o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, nas súas Resolucións nº 52/201, de 9 Feb. 2012 (Rec. 25/2012) e nº 217/2011, de 14 Sep. 2011 (Rec. 168/2011), ao non permitir en vía de recurso, nin achegar nova xustificación, nin tampouco novos documentos en relación co xa argumentado no previo trámite de alegacións. A cuestión obxecto de debate neste recurso débese centrar en se a xustificación do licitador é ou non suficiente, e en consecuencia se a súa proposición é anormal ou desproporcionada, sen que podamos introducir novos elementos de valoración ou novas xustificacións, xa que, como expuxemos, o momento de xustificación xa transcorreu. Consecuencia deste “peche” do trámite é que non podemos examinar sucesivas xustificacións de xeito que non cabe achegar novos documentos ou xustificacións que colmen lagoas ou insuficiencias da xustificación dada. É dicir, en vía de recurso si cabería, no mellor dos casos, achegar documentación que demostrase a realidade do manifestado na xustificación inicialmente presentada, pero o que non cabe en vía de recurso, nin baixo a interpretación máis favorable para o licitador, é realizar unha nova xustificación cando esta debeu realizarse no momento procedemental oportuno e cando a mesa de contratación deulle o correspondente trámite para iso. Neste trámite o recorrente fixo unicamente unha xustificación xenérica e vaga, claramente insuficiente e incompleta para explicar de forma satisfactoria o baixo nivel dos prezos ou custos propostos na súa oferta, o que levou á mesa de contratación e á Xunta de Goberno Local a acordar a inadmisión da súa oferta nunha correcta aplicación da normas que rexen a contratación pública, o que debe levar aparellada a desestimación do recurso de reposición interposto contra o acto impugnado.

Visto o informe desfavorable da Secretaría que obra no expediente, que dun modo resumido se recolle no presente asunto, a Xunta de Goberno Local acorda a desestimación do recurso de reposición, toda vez que o interesado non xustificou no trámite de alegacións aberto ao efecto, a viabilidade da súa oferta e non quedou desvirtuada a validez do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 3 de maio de 2021 e polo tanto, porcede reiterar a inadmisión da oferta e conseguinte exclusión do licitador Calixto Escariz S.L.U. por estar incurso en baixa anormal ou desproporcionada e non xustificar satisfactoriamente a mesma.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2021/2286

Visto que revisado o presente expediente, polo Departamento de Intervención detectouse un erro na proposta de acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de maio de 2021, consistente na errónea asignación da aplicación orzamentaria e no importe para a realización da retención de crédito, polo que

Onde di:

“En base os cálculos de intervención, tendo en conta que no exercicio 2020 tratáronse 125Tm, suporía un aumento anual na facturación de 3.157,48€ procedéndose á retención do crédito na aplicación 1622-22700 por importe de 17.867,38€ para atender aos gastos previstos para o exercicio 2021 inda non facturados”

Debe dicir:

En base os cálculos de intervención, tendo en conta que no exercicio 2020 tratáronse 125Tm, suporía un aumento anual na facturación de 3.157,48€ procedéndose á retención do crédito na aplicación 163-22700 por importe de 2.104,97€ para atender aos gastos previstos para o exercicio 2021 inda non facturados (8 meses).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

PRP2021/2288

Visto o expediente integrado polo xustificante de gasto con N° de rexistro 2021/4197, derivado do contrato de obras denominado "REPARACIÓN DA TERRAZA DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", por importe de 61.465,75€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS19(2) N° 01/06/2019.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o:

- Recoñecemento de obriga para o xustificante de gasto con N° de rexistro 2021/4197, derivado do contrato de obras denominado "REPARACIÓN DA TERRAZA DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", por importe de 61.465,75€, dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS19(2) N° 01/06/2019, co seguinte desglose:

REG.	N° de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2021/ 4197	TRES	04/06/ 2021	61.465,75 €	CYS HISPANIA S.L.	CERT. TRES. OBRA REPARACIÓN DA TERRAZA DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.	334	63200

PRP2021/2253

Visto o expediente de gasto INT/2021/374 integrado pola relación de xustificantes F/2021/73 por importe de 52.748,71 €.

Vistos os informes de Covalidación das concellerías delegadas que se integran no expediente.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1-Convalidación dos expedientes de gastos á vista dos informes dos/as Concelleiros/as delegados/as para os xustificantes de gastos que de seguido se relacionan e que se integran na relación de facturas F/2021/73, co seguinte detalle:

REG.	IMPORTE	EMPRESA	GASTO A CONVALIDAR	PARTIDA	
F/2021/3 280	229,90	AB-AUCATEL INSPECCION Y CONTROL S.L.U.	INFORME DE TIERRAS Y TENSIONES DE PASO Y CONTACTO ()	311	22799
F/2021/3 465	2.485,10	VICTOR CORDO E HIJOS, S.L.	ROSCAS 1KG SEVIDAS PARA O CERTAME VIRTUAL DOS MAIOS 2021. (CULTURA).	334	48100
F/2021/3 765	423,50	VISUALPUBLINET, S.L.	Servicio de Renovación del Registro y Alojamiento profesional anual: www.cmusvilagarcia.gal. Responsable del Gasto: Cons	3261	22706

2-Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/73 por importe de 52.748,71 € co seguinte desglose:

REG.	Documento	Fecha Doc.	Importe	Progr.	Econ.	Nombre Ter.	Texto Libre
F/2021 /2858	757 211201527	23/04/20 21	254,10	164	213	BAYGAR, S.L.	ESCARIFICADOR WB487CRB
F/2021 /2948	754 211101531	30/04/20 21	33,88	164	22199	BAYGAR, S.L.	PUNTAL 1,4M 1,6MM
F/2021 /2985	21D 00439	30/04/20 21	142,80	164	22110	A&B LAB. BIOTECNOLOGIA, S.A.U	DD 4158 - Soft Care
F/2021 /3280	emit 81	09/02/20 21	229,90	311	22799	AB-AUCATEL INSPECCION Y CONTROL S.L.U.	INFORME DE TIERRAS Y TENSIONES DE PASO Y CONTACTO ()
F/2021 /3317	202103349	30/04/20 21	31,51	132	22199	CASTROMAN I, S.L.	SPRAY NEGRO MATE F-1350 400 ML / DISCO FINO CORTE METAL ST Ø115X1.0 / DISCO DRONCO A24/30P 115X6,0X22,2 DEBAS / ORDEN M
F/2021 /3412	C210000209	30/04/20 21	26,01	164	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	EURO-SUPER / AC.CASTROL 2T TUBO 125ML
F/2021 /3418	A 12189	08/05/20 21	110,40	164	22199	EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L.	POLO MEZCLA GILDAN / GUANTES POLIAMIDA BAÑO NITRILIO
F/2021 /3465	48 21	08/05/20 21	2.485,10	334	48100	VICTOR CORDO E HIJOS, S.L.	ROSCAS 1KG SEVIDAS PARA O CERTAME VIRTUAL DOS MAIOS 2021. (CULTURA).
F/2021 /3494	Emit- 254	30/04/20 21	288,03	164	22199	INTERMACO, S.L.	SACO MORTERO REVOCO GRIS (ORDE DE COMPRA 8982 ESPONSABLE DE COMPRAS JUAN JOSE EXPOSITO) / TUBO SILICONA TRASL. NEUTRA
F/2021 /3619	1 212098	19/05/20 21	8.500,00	920	22199	RODIÑO Y BRIONES, S.L.	FFP2-25UDS MASCARILLA FFP2 ENVASE IND CE BLANCA / FFP2- 25UDS NEGRA MASCARILLA FFP2 ENVASE IND CE / Real Decreto-ley 7/20
F/2021 /3624	02148000013021F	17/05/20 21	570,60	453	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES SERVICIO DE OBRAS: DEPENDENCIAS DE OBRAS. Incremento de frecuencia de limpieza en la instalaci
F/2021 /3625	02148000013221F	17/05/20 21	455,21	3262	22700	CLECE, S.A.	Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del

							protoco
F/2021/3626	02148000013421F	17/05/2021	130,72	432	22700	CLECE, S.A.	OFICINA DE TURISMO EN PLAZA DE PESCADERIA. Incremento de frecuencia de limpieza en la instalación, correspondiente al me
F/2021/3627	02148000013121F	17/05/2021	328,25	2412	22199	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza de las instalaciones del Obradoriro de Empleo ""Labora Xove 2020"" durante el mes de la fecha. A rea
F/2021/3628	02148000013321F	17/05/2021	606,96	3261	22700	CLECE, S.A.	Servicios de limpieza y desinfección en CENTROS EDUCATIVOS para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoco
F/2021/3629	02148000013521F	17/05/2021	697,40	334	22700	CLECE, S.A.	Incremento de frecuencia de limpieza de la instalacion BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al
F/2021/3630	02148000013621F	17/05/2021	253,60	334	22700	CLECE, S.A.	INSTALACIONES CULTURALES: SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONES. Incremento de frecuencia de limpieza en la instalación, corre
F/2021/3631	032321 -497	19/05/2021	12,10	164	213	NEUS J. SANTORUM, S.L.	PINCHAZO Y MONTAJE MATRIICULA CARRETA
F/2021/3722	464 2021	25/05/2021	513,85	920	22604	JOSE PORTELA & ASOCIADOS, S.L.P.	REC. CONTENCIOSO -ART.68 (PROC. ABREV. 107/20 J. CONTENC. Nº 3 DE PONTEVEDRA METALGRAFICA GALLEGA, S.A) / DISPOSICION
F/2021/3726	21 3349	25/05/2021	247,58	454	214	AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.	REPARACION DEL MAN , PO-1813-AU , FECHA REPARACION 07.05.21 , ORDEN TALLER 600733 / ORDEN COMPRA 11532 , DE FECHA 13.05.
F/2021/3727	21 3348	25/05/2021	503,36	454	214	AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.	REPARACION DEL MAN , PO-1813-AU , FECHA REPARACION 12.05.21 , ORDEN TALLER 600806 / ORDEN COMPRA 11554 , DE FECHA 19.05
F/2021/3728	emit 269	15/05/2021	423,50	161	210	LAMARCA, S.L.	SACO MORTERO ESPECIAL LANKO 714 (RESPONSABLE DE COMPRAS: RICARDO PICHEL PREGO)
F/2021/3729	emit 270	15/05/2021	317,63	161	210	LAMARCA, S.L.	SACO MORTERO ESPECIAL LANKO 714 (RESPONSABLE DE COMPRAS: RICARDO PICHEL PREGO)
F/2021/3731	401210194	26/05/2021	2,17	453	212	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.	LAMP.ESENSE STD.BASIC 9W 840 E27 230VLAMP.ESENSE STD.BASIC 9W 840 E27 230V / COSTE RAEELAMPARASCOSTE RAEELAMPARAS
F/2021/3742	A 1469	26/05/2021	1.296,00	2313	22634	CENTRO POLIVALENTE ANA M. PARADA, S.L.	OBRADOIRO ACTIVATE(PERS. TECN.) (OBRADOIRO ACTIVATE MAYO 2021)
F/2021/3743	A 1472	26/05/2021	1.476,00	2313	22634	CENTRO POLIVALENTE ANA M. PARADA, S.L.	OBRADOIRO MOB. (OBRADOIRO MOBILIDADE MAYO 2021)
F/2021/3747	21 3239	26/05/2021	5,76	920	22199	SOBRINO G., S.A.	TACO PLÁSTICO SX-10x50
F/2021/3749	21 3237	26/05/2021	15,31	2311	22199	SOBRINO G., S.A.	PROLONGADOR MANG BCO 3x1,5 4m
F/2021/3758	FAC-VIL21-05200	26/05/2021	281,62	4312	213	SIGALTEC, S.L	PLETINA INOX A-304 PULIDA 40x8
F/2021/3759	FAC-VIL21-05201	26/05/2021	13,90	4312	213	SIGALTEC, S.L	CODO INOX A-304 MATE 50.8x1.5
F/2021	21 3248	26/05/2021	74,51	453	213	SOBRINO G., S.A.	PORTABROCAS FUTURO PLUS S2 /

/3761		21					RODILLO NYLON 60x40 / PISTOLA SILICONA GIR.013-C
F/2021/3762	21 3244	26/05/2021	30,55	231	22199	SOBRINO G., S.A.	BOMBILLO YL6 30x30 D/EMB.L/LGA LT
F/2021/3763	21 3243	26/05/2021	85,51	2312	22199	SOBRINO G., S.A.	RADIADOR ACEITE 11 ELE.2500W
F/2021/3764	21 3242	26/05/2021	85,51	2312	22199	SOBRINO G., S.A.	RADIADOR ACEITE 11 ELE.2500W
F/2021/3765	2021Emit- 1716	28/05/2021	423,50	3261	22706	VISUALPUBLINET, S.L.	Servicio de Renovación del Registro y Alojamiento profesional anual: www.cmusvilagarcia.gal. Responsable del Gasto: Cons
F/2021/3786	22654927	31/05/2021	3.087,96	132	204	BANCO SANTANDER, S.A.	CUOTA DE ARRENDAMIENTO / CUOTA FINANCIACION PRIMA SEGURO
F/2021/3790	Emit- 18131	15/05/2021	598,95	454	213	TECMAGA, S.L.	ROTULA AXIAL DE DIRECCION (ORDE DE COMPRA Nº11476 ANO 2021 REPARACIÓN PALA E-9962-BBJ) / PORTES PAGAGOS DISGON (ORDE
F/2021/3804	202103788	31/05/2021	42,39	4312	212	CASTROMAN I, S.L.	ELECTRODO FUNDICION RECEPC CAST1 2,5X300 / CIEN TORNILLO 4,5X60 H.F.INOX A2 / CIEN TORNILLO 5,0X80 H.F.INOX A2 / CIEN TO
F/2021/3805	202103789	31/05/2021	5,35	164	22199	CASTROMAN I, S.L.	GRIFO CURVO 3059-3/4 X 1 MANGUERA / ABRAZADERA TORRO 020-032-971 W1 / TEFLON CRUDO 12MMX12MX0,075MM / ORDEN COMPRA: 9060
F/2021/3806	202103790	31/05/2021	34,00	334	213	CASTROMAN I, S.L.	HAMMERITE LISO BLANCO 750 ML / HAMMERITE ESM MARTELE GRIS PLATA 750ML / CENTRO CULTURAL CORNZAO / ORDEN DE COMPRA: 11535
F/2021/3807	202103754	15/05/2021	7,93	132	22108	CASTROMAN I, S.L.	VARILLA ROSCADA 975 A-2 M/06X1MT INOX* / CIEN ARANDELA DIN 127 A-2 M-6 INOX / CIEN ARANDELA DIN 9021 INOX M-6 / CIEN TUE
F/2021/3808	202103757	15/05/2021	201,36	2412	22199	CASTROMAN I, S.L.	PASADOR 800-50 A.INOX 18/8 / PASADOR 384-50 ZINCADO / BARNIZ PARQUETS SATINADO AL AGUA 4L. / reponsable compra marta mar
F/2021/3815	202103762	15/05/2021	27,38	453	22199	CASTROMAN I, S.L.	GUANTE INDUSTRIAL NARANJA 621/C T-9(SUST 299 MAPA) / ORDEN COMPRA: 11506 / RESPONSABLE DE COMPRA: RICARDO PICHEL PREGO /
F/2021/3816	202103763	15/05/2021	20,59	320	212	CASTROMAN I, S.L.	GRIFO CURVO 3060-3/4"" P.INOX C.RAPI / ESPUMAX AISLAR Y RELLENAR CANULA 750ML / PARA VAGALUME / ORDEN DE COMPRA: 11505 /
F/2021/3817	202103765	15/05/2021	11,94	323	22199	CASTROMAN I, S.L.	LL.ESTRE.PLANA 16-17 MM ACESA / LLAVE FIJA 2 BOCAS HR 12X13 MM / CIEN TUERCA AUTOBLOCANTE DIN 985 M-10 ZINCADA / CIEN A
F/2021/3822	151-1-05/41	31/05/2021	50,03	2412	22199	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	Agua Fontiña 50 cl / Bolsa reutilizable 53x60 80%mat.reciclad / Bombones Nestlé caja roja 200 g / Fregasuelos Froiz pino
F/2021	02148000013721F	31/05/20	2.584,10	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na

/3825		21					ESCOLA E.I. VILAXOAN durante Mayo de 2021 Importe servizo
F/2021/3826	02148000014021F	31/05/2021	5.085,55	920	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza EDIFICIOS E INSTALACIONES SEDE CASA CONSISTORIAL: CASA DEL AYUNTAMIENTO Mayo de 2021 Casa do Concello
F/2021/3827	02148000013821F	31/05/2021	134,73	320	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpeza en el Aula de Educación de Adultos durante Mayo de 2021 Importe servicios
F/2021/3835	02148000014621F	31/05/2021	1.415,10	323	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Mayo de 2021 Importe servizo
F/2021/3861	Emit- 210216	31/05/2021	968,00	453	204	ALVEGAL, S.L.	ALUGUER NISSAN NAVARA PICK UP DOBLE CABINA MATRICULA 9243LFX. PARA O SERVICIO DE VIAS PUBLICAS
F/2021/3864	210001275 0	01/06/2021	20,35	2412	22199	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	tarjeta wifi tl-wn851nd (responsable ana belen ballesteros obradoiro de emprego forme 2020)
F/2021/3869	202104198	31/05/2021	2,75	164	22199	CASTROMAN I, S.L.	SET ADAPTADORES DE LLAVES DE VASO / ORDEN DE COMPRA: 9065 / RESPONSABLE DE COMPRA: JUAN JOSE EXPOSITO CHANTADA
F/2021/3871	21J9LV000095	26/05/2021	2.712,38	1622	22700	CESPA, S.A.	TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMI
F/2021/3885	02148000015721F	31/05/2021	0,00	323	22700	CLECE, S.A.	Servicios de limpeza y desinfección en ESCUELAS INFANTILES para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoc
F/2021/3885	02148000015721F	31/05/2021	408,03	323	22700	CLECE, S.A.	Servicios de limpeza y desinfección en ESCUELAS INFANTILES para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoc
F/2021/3885	02148000015721F	31/05/2021	408,02	323	22700	CLECE, S.A.	Servicios de limpeza y desinfección en ESCUELAS INFANTILES para el curso 2020-2021 derivado de la aplicación del protoc
F/2021/3955	4003143797	31/05/2021	13.532,71	920	22201	SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	Carta Certificada ES-PEE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 (01 EXENTO) / Carta Certificada ES-PEE 0 - 20 gr N D2(RE
F/2021/4183	A 12253	03/06/2021	68,17	164	22199	EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L.	Rect. A 12153 / SEMIMASCARA PROFILE / FILTRO PRO2 A1B1E1K1P3 / SOPORTE P/VISOR / VISOR CLARO POLICARBONATO / PANTALON T
F/2021/4185	A 12254	03/06/2021	48,11	164	22104	EQUIPAMENTOS OBREIRO, S.L.	Rect. A 12154 / POLO ALGODON M/CORTA / SERIGRAFIA
F/2021/4304	D-10/2021	31/05/2021	280,00	2313	48401	EMPRESA PEREIRA, S.L.	RECARGAS BONO BUS XUBILADO MES MAIO 2021. SUBVENCIÓN AO TRANSPORTE PÚBLICO DE VIAXEIROS. (PERSOAS MAIORES).
F/2021/4346	0000024/2021	21/04/2021	40,00	2311	22106	GARCIA RODRIGUEZ, Mª TRINIDAD	SOLUCIÓN DE METADONA AL 1% 1 LITRO. SPAD.
		TOTAL	52.748,71				

3-Reintegro do crédito sobrannte nos seguintes acordos, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución dos contratos en cuestión e informadas favorablemente polos

órganos xestores responsables do contratos:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	EMPRESA	Texto Libre	MODIFICACION
220210007285	RC	19/04/2021	334 48100	4.000,00		GASTOS FESTA DOS MAIOS 2021.	-1.514,90
220200028374	AD	01/01/2021	2412 22199	428,15	CLECE, S.A.	ADXUD. SERVIZO DE LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DO OBRADOIRO LABORA XOVE, DO 2 DE NOV. AO 23 DE DEC. 2020.	-99,90

PRP2021/2312

Visto o expediente de gasto INT/2021/389 integrado pola relación de xustificantes F/2021/78 por importe de 26.186,36€.

Vista a base 21ª.2 das B.E.O 2020 prorrogadas ao exercicio 2021, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

- Os xustificantes de gasto derivados de contratos de servizos e/ou subministro de tracto sucesivo correspondentes ós últimos períodos do exercicio,(derradeiro trimestre), inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, así como de gastos de dietas e locomoción e dietas do persoal municipal, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
 - Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.
 - Os xustificantes de gasto derivados contratos menores executados dentro de programas municipais que teñan carácter continuo, execución e facturación mensual, para a imputación da mensuralidade de decembro do exercicio anterior ao orzamento corrente.
 - Os gastos que cumprindo os requisitos do parágrafo anterior, o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.
- Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/78, por importe de 26.186,36€.

co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Progr.	Econ.	Nombre	Texto Explicativo
A/2021/6	FE21137006120924	08/03/2021	-19,98	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Rect. / Importe por peaxe de acceso (3.91 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de com

A/2021/7	FE21137005750773	04/03/2021	-120,09	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Rect. / Importe por peaje de acceso (5.865 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de co
F/2021/229	FE21137005612582	03/03/2021	38,73	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (6.6 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (30/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2021/2230	FE21137005627401	03/03/2021	42,08	320	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.2 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (30/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2021/2231	FE21137005627436	03/03/2021	211,68	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (3.3 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (24/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2021/2232	FE21137005628863	03/03/2021	235,30	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (9.9 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2021/2233	FE21137005629693	03/03/2021	8,07	334	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (3.3 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (16/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2021/2234	FE21137005633417	03/03/2021	14,00	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (1.15 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (30/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2021/2235	FE21137005730271	04/03/2021	156,67	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2236	FE21137005637376	03/03/2021	17,77	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (3.3 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (30/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2021/2237	FE21137005641119	03/03/2021	164,03	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (4.417 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por peaje de acceso valle
F/2021/2238	FE21137005730879	04/03/2021	339,79	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2239	FE21137005730893	04/03/2021	193,18	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (7.891 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2240	FE21137005731094	04/03/2021	18,57	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (1.955 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2241	FE21137005731122	04/03/2021	51,00	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426

						GAS&POWER, S.A.	Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 242	FE21137005731135	04/03/20 21	75,81	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (3.5 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializaci
F/2021/2 243	FE21137005733085	04/03/20 21	154,84	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 244	FE21137005731382	04/03/20 21	68,97	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 245	FE21137005733129	04/03/20 21	80,71	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 246	FE21137005733267	04/03/20 21	143,60	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 247	FE21137005731737	04/03/20 21	229,54	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (9.451 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 248	FE21137005731858	04/03/20 21	151,41	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (9.601 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 249	FE21137005733418	04/03/20 21	53,18	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.944 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 250	FE21137005731852	04/03/20 21	17,71	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.805 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 251	FE21137005733426	04/03/20 21	15,08	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.944 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 252	FE21137005731883	04/03/20 21	48,48	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 253	FE21137005731999	04/03/20 21	260,82	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (12.421 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializ
F/2021/2 254	FE21137005732035	04/03/20 21	21,82	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (1.955 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de

							comercializa
F/2021/2 255	FE21137005732037	04/03/20 21	20,17	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (4.417 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 256	FE21137005732275	04/03/20 21	134,39	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 257	FE21137005734918	04/03/20 21	21,78	161	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (2.944 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 258	FE21137005735092	04/03/20 21	124,91	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 259	FE21137005735096	04/03/20 21	226,10	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (12.541 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializ
F/2021/2 260	FE21137005735349	04/03/20 21	137,43	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (5.889 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializa
F/2021/2 262	FE21137005733904	04/03/20 21	197,82	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (6.52 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2021/2 263	FE21137005734020	04/03/20 21	203,17	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (7.24 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializac
F/2021/2 264	FE21137005738205	04/03/20 21	249,20	165	22100	COMERCIALIZADORA REGULADORA GAS&POWER, S.A.	Importe por peaje de acceso (10.381 kW * 38.043426 Euros/kW y año * (28/365) días) / Importe por margen de comercializ
